

Boletín Oficial DE LA PROVINCIA DE LUGO



<http://www.diputacionlugo.org/>

PRECIOS DE SUSCRIPCION

Al año.....	36,06 €
Al semestre.....	24,04 €
Mas gastos de envio	
Los municipios de la provincia recibirán gratuitamente una suscripción.	

VENTA DE EJEMPLARES SUELTO

Por ejemplar de hasta 8 páginas	0,60 €
Por ejemplar de más de 8 y hasta 12 páginas.....	0,90 €
Por ejemplar de más de 12 páginas	1,35 €

LAS SUSCRIPCIONES Y ANUNCIOS SE HARAN PREVIO PAGO DE SU IMPORTE

ANUNCIOS Y OTRAS INSERCIÓNES

Por cada palabra o números.....	0,15 €
- Las inserciones con carácter de urgencia, el importe será el doble de la inserción normal.	
- La tarifa se incrementará en un 50%, en los casos en que los textos a publicar no se entreguen o envíen en soporte informático compatible, según establece el art. 10 de la ordenanza reguladora del B.O.P.	
- Importe mínimo de publicación.....	6 €

SE PUBLICA TODOS LOS DIAS, EXCEPTO LOS FESTIVOS

Depósito Legal LU-1-1968 / Franqueo concertado (27-2)
Imprime: "El Progreso de Lugo, S.L."

Excma. Deputación Provincial

CONVOCATORIA E BASES PARA A SELECCIÓN DE DOUS D.U.E. (FUNCIONARIOS INTERINOS art. 10.1. b, substitución transitoria dos titulares) E DOUS OBREIROS COCIÑA (CONTRATADOS LABORAIS TEMPORAIS), ADSCRITOS AO CENTRO RESIDENCIAL E REHABILITADOR SAN RAFAEL.

O Ilmo. Sr. Presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo ditou, con data de 20 de xaneiro de 2008 a seguinte resolución:

"Vista a proposta da Dirección do Centro Residencial e Rehabilitador San Rafael, na que se manifesta a urxente necesidade de cubrir dous postos de obreiros de cociña, motivado polo traslado de dúas obreiras dende ese Centro ao Hospital de San José, e pola baixa prolongada por enfermidade da obreira de cociña Dª Amelia Fernández Quintela, para poder continuar co normal funcionamento do servizo de cociña do Centro San Rafael.

Vista a proposta da Dirección do Centro Residencial e Rehabilitador San Rafael, na que se solicita que, debido á previsión do disfrute de permiso por parte das D.U.E. Dª Mónica Paz Iglesias e Dª Susana López Cabarcos, a disfrutar xunto co seu cónxuge D. Lorenzo García González, D.U.E. no mesmo Centro, se cubran as baixas con dous D.U.E. para poder cubrir as necesidades do servizo no Centro San Rafael.

Comprobado que non existe persoal na Entidade que poida prestar os citados servizos e a existencia de consignación orzamentaria; á vista do informe emitido polo Servizo de Recursos Humanos, o Deputado Delegado de RR.HH, Formación e Régime Interior da a súa conformidade para que se realicen os trámites necesarios para proceder á selección de dous D.U.E. (funcionarios interinos art. 10.1. b, substitución transitoria dos titulares) e dous obreiros de cociña (contratados laborais temporais), e en uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Régime Local, modificada por Lei 11/99 de 21 de abril e Lei 57/2003 de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, esta Presidencia RESOLVE:

1º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nas probas selectivas para prestar servizos á Excma. Deputación Provincial como funcionarios interinos e contratados laborais temporais nas prazas/ postos/ funcións que se sinalan:

Nº DENOMINACIÓN DA PRAZA/

POSTO/ FUNCIÓN

GR

R.X.

REQUISITOS

2	D.U.E.	A-A2	Funcionario interino 10.1.b (substitución transitoria dos titulares) Diplomatura en Enfermaría
---	--------	------	---

2	OBREIROS COCIÑA	Agrupacións profesionais (Disp. Trans. Terceira)	Contratado laboral temporal	Non se exige estar en posesión de ningunha das titulacións previstas no sistema educativo español (Disp. Adic. Sétima do EBEP)
---	--------------------	---	--------------------------------	---

2º.- Aprobar as bases que rexerán os procesos selectivos, publicándoas no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da Entidade e na páxina web da Entidade, cuxa dirección é a seguinte: www.deputacionlugo.org

3º.- Ordenar que se realicen os trámites necesarios para levar a cabo o proceso selectivo."

Pazo Provincial de Lugo, 20 de xaneiro de 2009.- O Secretario, Faustino Martínez Fernández.

BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSONAL CON CARÁCTER TEMPORAL (CONTRATADO LABORAL TEMPORAL) PARA PRESTAR SERVIZOS Á EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1.- CONVOCATORIA.

As presentes bases teñen por obxecto establecer o procedemento de selección a empregos temporais da Deputación Provincial para o acceso:

- a) Á condición de contratados laborais temporais mediante contrato de interinidade para desempeñar un posto de traballo que corresponda a réxime laboral.
- b) Á condición de contratados laborais temporais mediante calquera outra modalidade contractual diferente á sinalada anteriormente, de acordo coa lexislación laboral, para desempeñar funcións con carácter temporal, dentro do ámbito de aplicación do Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Excma. Deputación Provincial.

As postos/functionés que se convocan así como as funcións a desempeñar se sinalan no anexo I das presentes bases.

O persoal seleccionado prestará servizos nos postos e unidades que se indiquen no anexo I das presentes bases, sen perxuízo de que por necesidades motivadas do servizo poidan prestalos en postos ou unidades diferentes da Deputación Provincial ou do INLUDES, conforme as normas contidas no Regulamento de Acceso, Promoción e Provisión de Postos de Traballo da Deputación e do INLUDES (BOP, 30.09.2006).

2.- REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR OS ASPIRANTES:

Os aspirantes deberán manifestar que reúnen os requisitos que seguidamente se sinalan na data de finalización do prazo de presentación de instancias e que están en condicións de acreditalos, unha vez superadas as probas selectivas, antes de que se dite resolución de nomeamento, agás no suposto de compatibilidade, que é suficiente a acreditación antes do inicio da relación de servizo.

- a) Ser español/a ou nacional da U.E dentro dos límites que establece o artigo 57 do EBEP.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder de 65 anos.
- c) Estar en posesión da titulación esixida no anexo I, ou en condicións de obtela na data en que remate o prazo de presentación de instancias.
- d) Acreditar a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo, sen prexuízo de que sexan admitidas as persoas con minusvalías en igualdade de condicións cos demais aspirantes.
- e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escasas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fóra separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- f) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade que determine a lexislación vixente.
- g) Antes do inicio da relación laboral, acreditar que non realizan outras actividades, públicas ou privadas, que sexan incompatibles coa prestación de servizos. Os aspirantes que viñeren desempeñando unha actividade pública ou privada deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade unha vez que o Tribunal formalice a proposta de selección definitiva. De non ser compatible a actividade que viñeren desenvolvendo coa relación de servicio á Deputación ou INLUDES, os aspirantes seleccionados comprométense a renunciar á mencionada actividade.

3.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Os interesados dirixirán as solicitudes, no modelo oficial que se publica como anexo II destas bases e que tamén se facilitará no Negociado de Selección, Promoción e Carreira, ao Ilmo. Sr. Presidente da Excma. Deputación Provincial e presentáranas no Rexistro Xeral da Excma. Deputación ou nos lugares que determina o artigo 38.4 da LRJAP-PAC, no prazo de 10 días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia, publicándose a resolución pola que se aproba a convocatoria e as bases integralmente no taboleiro de edictos da Deputación.

A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente polos aspirantes e nela relacionarán, nos apartados correspondentes, os méritos que aleguen. Os méritos relacionados acreditaranse conforme se establece na base 4.3.

Finalizado o prazo de presentación de instancias o Tribunal publicará a lista de admitidos no taboleiro de edictos, outorgando un prazo máximo de 2 días naturais para que os excluídos aleguen o que consideren. Resoltas as reclamacións, publicarase a lista definitiva no taboleiro de edictos ou darase por definitiva a lista provisional se non houbera reclamacións ou se estas non foran suficientes para a súa consideración.

4.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

4.1.- FOTOCOPIA DO DNI OU PASAPORTE.

Ademais, os aspirantes estranxeiros, deberán presentar documentos que acrediten que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

4.2 TAXA POR PARTICIPACIÓN EN PROCESOS SELECTIVOS.

A) Documentación acreditativa de ter aboada a taxa por participación en procesos selectivos.

De acordo coa ordenanza desta Excma. Deputación Provincial publicada no B.O.P nº 202 de 1 de setembro de 2004, onde se establece a taxa por participación en procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial ou os seus Organismos Autónomos, para participar na presente convocatoria os aspirantes deberán facer o aboamento de 15 euros que ingresarán directamente nas oficinas da Tesourería da Deputación ou mediante transferencia bancaria na conta número C/C-2091-0163-45-3110000423 da Caixa Galicia, oficina 0163 ou mediante xiro postal dirixido á Tesourería desta Entidade.

Os aspirantes acompañarán a solicitude co documento acreditativo de ter feito ingreso da correspondente taxa dentro do período de presentación de solicitudes.

B) Certificación relativa á condición de desempregado para os efectos de reducción da taxa por participación en procesos selectivos.

Os aspirantes que acrediten a condición de desempregados e non perciban prestación de desemprego, gozarán dunha redución na taxa de participación en procedementos selectivos do 75%. En consecuencia, para acreditar esta situación e participar no procedemento selectivo que se convoca deberán:

- Aboar a cantidad de 3,75 euros en concepto de taxa por participación en procesos selectivos directamente nas oficinas da Tesourería da Deputación ou mediante transferencia Bancaria na conta número C/C-2091-0163-45-3110000423 da Caixa Galicia, oficina 0163 ou mediante xiro postal dirixido á Tesourería desta Entidade.

- Presentar certificación da oficina do Servicio Público de Emprego Estatal (SPEE) que acredite a condición de ser desempregado e non perciba prestación de desemprego na súa modalidade contributiva

C) Consecuencias do incumplimento do establecido nos apartados A e B anteriores.

En ningún caso o pagamento da taxa por participación en procesos selectivos e a xustificación do pagamento, substituirá a obriga de presentar en tempo a solicitude, non sendo emendable e quedando excluídos definitivamente os que non presentasen a correspondente solicitude en prazo.

4.3.- MÉRITOS DEBIDAMENTE ACREDITADOS.

A) Documentación acreditativa dos méritos.

Deberase acompañar á solicitude as xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación co posto/función que se convoca, mediante:

- Certificacións de servizos prestados, expedida polo organismo oficial no que se prestaron, certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social á que deberá achegarse contrato/s de traballo inscrito/s no SPEE (Servizo Público de Emprego Estatal) ou nóminas se os servizos se prestaron en empresas privadas, nos que se poida comprobar que as funcións ou tarefas realizadas se corresponden coas do posto.

- Copia autenticada da/s titulación/s, cursos, masters, etc.
- Currículo debidamente documentado e acreditado, ou calquera outro documento que probe de xeito indubidable a posesión destes.

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

Coa finalidade de que non se descoñezan méritos profesionais ou a acreditación de servizos a Deputación ou o INLUDES, os aspirantes deberán solicitar, en instancia diferente á de participación no proceso selectivo, certificación que acredite os ditos servicios. A instancia irá dirixida ao Ilmo. Sr. Presidente e presentarase no Rexistro Xeral desta Entidade dentro do prazo de presentación fixado na convocatoria. As certificacións serán incorporadas directamente ao expediente, entregándose copia ao interesado si así o solicitase.

Os méritos aos que se fai referencia no baremo deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

B) Consecuencias do incumprimento do establecido no apartado anterior.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior, determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse. Tampouco se requerirá aos interesados para que os acrediten.

5. - TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

5.1.- COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.

O Tribunal de selección acomodarase ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por 5 membros nomeados polo Presidente.

PRESIDENTE: O Xefe do Servizo de Recursos Humanos.

VOGAIS:

- Tres técnicos ou expertos designados polo Presidente da Excma. Deputación Provincial.

SECRETARIO: O da Corporación ou funcionario que o substitúa regulamentariamente.

Por cada membro do Tribunal nomeárase un suplente.

A composición do Tribunal publicarase no taboleiro de edictos da Deputación xunto coas datas da realización das probas 72 horas antes de iniciarse éstas.

5.2.- INCORPORACIÓN DE ASESORES E PERSONAL DE COLABORACIÓN.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naquelhas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores en tarefas de vixilancia e control de desenvolvemento dos diferentes exercicios.

6.- O SISTEMA DE SELECCIÓN SERÁ O CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE.

7.- FASE DE OPOSICIÓN.

Se fose necesario polo carácter urgente do procedemento selectivo, a fase de oposición e os exercicios da mesma poderán realizarse sen interrupción.

A fase de oposición consistirá nas seguintes probas:

7.1.- PROBA DE COÑECIMENTOS XERAIS E ESPECÍFICOS.

Contestación a unha proba que consistirá nun exercicio de carácter teórico sobre:

a) Coñecementos xerais relacionados coa Administración Pública en xeral e coa Administración Local en particular.

b) Coñecementos específicos en relación co posto de traballo a desempeñar e/ou as funcións a realizar.

Os contidos desta proba estarán referidos ao programa sinalado no anexo I.

Este exercicio terá carácter teórico e a súa finalidade é que os aspirantes poidan amosar os coñecementos sobre o programa antes sinalado.

O exercicio poderá consistir:

a) Nun exame tipo test sobre os contidos do programa correspondentes ao apartado A) do temario referido a Materias Comúns e na exposición por escrito dun tema (ou parte do mesmo) dos contidos no temario correspondente co apartado B) Materias Específicas, sorteado polo Tribunal inmediatamente antes da realización do exercicio.

O Tribunal poderá solicitar ao aspirante que lea dito exercicio así como formular preguntas sobre o contido do tema ou solicitar as aclaracións de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa dos coñecementos de cada aspirante.

b) Nun exercicio tipo test sobre o conxunto do programa.

Este exercicio valorarase ata un máximo de 20 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 10 puntos

7.2.- PROBA PRÁCTICA.

Consistirá nun exercicio que permita valorar a aplicación dos coñecementos e capacidades dos aspirantes a un suposto concreto, así como coñecer as súas habilidades e destrezas. Esta proba práctica simulará un suposto que poida darse no desempeño do posto que se convoca e poderá consistir na realización material da mesma ou na indicación do itinerario a seguir (fases, trámites, solucións a problemas, etc.), na realización da mesma, materializando ou sinalando algunha destas fases.

O Tribunal propoñerá dous exercicios e os aspirantes elixiran libremente un deles, podendo, neste caso, solicitar ao aspirante que o lea diante do Tribunal.

Este exercicio deberá realizarse exclusivamente en lingua galega. (Artigo 28 do Decreto Lexislativo 1/2008 de 13 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia).

Para a cualificación do exercicio terase en conta os coñecementos prácticos e a corrección lingüística.

Este exercicio valorarase ata un máximo de 20 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 10 puntos.

8.- FASE DE CONCURSO.

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso aos aspirantes que superasen todos os exercicios.

9.- BAREMO DE MÉRITOS.

9.1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL.

Valorarase a experiencia profesional segundo os seguintes criterios ata un máximo de 5 puntos.

a) Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo ou similar ao que se convoca, ou realizar as funcións deste, na Administración Pública, ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes da mesma, como funcionario ou contratado laboral.

- No caso que se desempeñe o mesmo posto de traballo, valorarase a razón de 0.084 puntos por mes.

- Se o posto se considera similar, a puntuación será de 0.084 se este fose de grupo de titulación superior, 0.063 se fose do mesmo grupo de titulación e 0.042 se fose dun grupo de titulación inferior. Entenderase por posto similar aquel que conteña algunha das función do posto que se convoca ou funcións similares dentro dunha área de actividade, escala ou subescala.

b) Cando a experiencia profesional acreditada fose desempeñada en entidades privadas.

- No caso que se desempeñe o mesmo posto de traballo, valorarase a razón de 0.042 puntos por mes.

- Se o posto se considera similar a puntuación será de 0.042 se este fose de grupo de titulación superior, 0.032 se fose do mesmo grupo de titulación e 0.022 se fose dun grupo de titulación inferior. Entenderase por posto similar aquel que conteña algunha das función do posto que se convoca ou funcións similares dentro dunha área de actividade, escala ou subescala.

9.2.- TITULACIÓN ACADÉMICAS:

A puntuación máxima neste apartado será de 1 punto.

As titulacións académicas distintas á esixida para a praza de traballo, sempre que o Tribunal considere que están relacionados coas funcións da posto/funcións á que se opta, valorarase a razón de 0,25 puntos se a titulación é do mesmo nivel e 0,5 puntos se a titulación é de nivel superior.

Se a titulación fose moi relevante para o desempeño do posto valorarase con 1 punto.

9.3.- CURSOS, ESTUDOS, XORNADAS RELACIONADAS COAS FUNCIÓN DA PRAZA / POSTO / FUNCIÓN Á QUE SE OPTA:

Valoraranse seguindo a seguinte táboa ata un máximo de 4 puntos.

CURSOS DE	PUNTUACIÓN POR HORA
ASISTENCIA	0,005
APROVECHAMIENTO	0,010
IMPARTICIÓN	0,020

Os cursos de informática valoraranse sempre que o tribunal considere que están relacionados coas funcións da praza á que se opta.

PUBLICACIÓNOS, PROXECTOS, ETC. RELACIONADAS COAS FUNCIÓNOS DO POSTO DE TRABALLO: Valoraranse a criterio do Tribunal en función do contido das mesmas e da relevancia para o posto de traballo.

9.4.- IDIOMA GALEGO.

A puntuación máxima neste apartado será de 1 punto.

O coñecemento do idioma galego puntuarse do seguinte xeito:

- CELGA 3, curso de iniciación, a súa validación, a proba libre de iniciación, curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros, 1º curso Escola Oficial de Idiomas: 0,2 puntos.

- CELGA 4, curso de perfeccionamento da lingua galega, a súa validación, curso básico de linguaxe administrativa galega, curso básico de linguaxe xurídica galega e curso de nivel medio de lingua e cultura galgas para extranxeiros 1º e 2º e 3º curso da escola oficial de idiomas 0,30 puntos.

Outros cursos. En función do interese para o desempeño das funcións da praza/posto, duración e outros criterios obxectivos, o Tribunal poderá puntuálos ata un máximo de 0,50 puntos.

Non poderán, en ningún caso acumularse as puntuacións polos distintos cursos ou titulacións, puntuándose, en consecuencia, polo curso ou titulación de nivel superior.

Só se lle concederá validez, polo que á acreditación do idioma galego se refire, aos cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

9.5.- IDIOMAS COMUNITARIOS.

A puntuación máxima neste apartado será de 1 punto.

O coñecemento de idiomas comunitarios valorarase, cando sexan relevantes para o desempeño do posto que vai desempeñar, do seguinte xeito:

- Por cursos, titulación expedidas por Escolas Oficiais de idiomas ata un máximo de 0,5 puntos, a razón de 0,10 por curso.

- Polo título de licenciado ata un máximo de 1 punto.

Outros cursos valoraranse a xuizo do Tribunal

9.6.SUPERACIÓN DE EXERCICIOS.

Valorarase ata un máximo de 1 punto.

Ter superado exercicios para acceso con carácter definitivo á mesma praza á que se opta en calquera Administración Pública, nos dous anos anteriores.

9.7 ENTREVISTA CURRICULAR.

A entrevista valorarase ata un máximo de 3 puntos.

A entrevista terá como finalidade apreciar o grao de madurez e dominio dos coñecementos, formación e experiencia acreditada no currículo, en relación coa praza/posto/funcións á que optan e ao posto que vai desempeñar. Versará sobre o grao de formación xeral e técnica na que se valorará principalmente a aptitude e actitude para o posto de traballo que se convoca.

10. - CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

11. - PROPOSTA DE SELECCIÓN.

O Presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Presidencia, sen que esta poida superar o número de postos convocados. A dita proposta publicarase no taboleiro de edictos da Excm. Deputación Provincial.

O Tribunal establecerá a orde de aqueles aspirantes que serán seleccionados aprobando todas as probas.

A Administración, no caso de que xurda a necesidade de prestación de servizos con carácter de urxencia, poderá incorporar persoal da citada relación durante o período de un ano, dende a publicación da proposta de selección do Tribunal no taboleiro de anuncios.

A cobertura dos postos convocados, efectuarase de acordo coas peticóns dos interesados, segundo a orde obtida no proceso selectivo.

12.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

Tendo en conta que as/os aspirantes para tomar parte nas probas só precisan manifestar na súa instancia que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base 2, os/as aspirantes propostos/as para ocupar as prazas convocadas achegarán no prazo de 5 días naturais contados a partir do día seguinte da publicación da proposta de selección no taboleiro de edictos (prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algúns documentos por causas alleas á súa vontade) os documentos que xustifiquen as condicións de capacidade e demás requisitos contidos na base 2.

A xustificación das condicións dos aspirantes acreditaranse coa seguinte documentación:

- Os apartados a) e b) mediante fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros, debidamente compulsados por ambos lados.
- O apartado c) con copia compulsada do Título Oficial ou no seu defecto resgado de ter efectuado o depósito para obtelo (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá acompañarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia na que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso).
- O apartado d) deberá acreditarse a través da superación do correspondente recoñecemento médico que contará, con carácter xeral, coa amplitude necesaria para acreditar que non padece enfermidade ou defecto físico que lle impida o desenvolvemento das funcións do cargo, e sen prexuízo das probas concretas que poidan esixirse especificamente en cada convocatoria. Se non se esixise o anterior requisito, o aspirante deberá achegar Certificado Médico Oficial para o efecto.
- Os apartados e) e f) con declaración xurada para o efecto.

13. - RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO.

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder aos postos que se convocan, a Presidencia resolverá o procedemento selectivo decidindo a contratación como persoal laboral con contrato temporal.

14.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICCIÓN.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local, Convenio Colectivo Único vixente nesta entidade e demás normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdicción Contencioso- Administrativa para dirimir as controversias que se produzcan na aplicación destes.

15.- RECURSOS.

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria e que é definitiva en vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Ilmo. Sr. Presidente da Excmo. Deputación Provincial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á recepción da presente notificación o recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdicción, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial de Lugo, 20 de xaneiro de 2009.- O Secretario, ilexible.

BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSONAL CON CARÁCTER TEMPORAL (FUNCIONARIOS INTERINOS) PARA PRESTAR SERVIZOS Á EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1.- CONVOCATORIA.

- As presentes bases teñen por obxecto establecer o procedemento de selección a empregos temporais da Deputación Provincial para o acceso á condición de funcionarios interinos nos supostos previstos no artigo 10 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP).

As prazas/ postos que se convocan así como as funcións a desempeñar se sinalan no anexo I das presentes bases.

O persoal seleccionado prestará servizos nas prazas/ postos e unidades que se indiquen no anexo I das presentes bases, sen perxuízo de que por necesidades motivadas do servizo poidan prestalos en postos ou unidades diferentes da Deputación Provincial ou do INLUDES, conforme as normas contidas no Regulamento de Acceso, Promoción e Provisión de Postos de Traballo da Deputación e do INLUDES (BOP, 30.09.2006).

2.- REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR OS ASPIRANTES:

Os aspirantes deberán manifestar que reúnen os requisitos que seguidamente se sinalan na data de finalización do prazo de presentación de instancias e que están en condicións de acreditalos, unha vez superadas as

probas selectivas, antes de que se dite resolución de nomeamento, agás no suposto de compatibilidade, que é suficiente a acreditación antes do inicio da relación de servizo.

- a) Ser español/a ou nacional da U.E dentro dos límites que establece o artigo 57 do EBEP.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder de 65 anos.
- c) Estar en posesión da titulación esixida no anexo I, ou en condicións de obtela na data en que remate o prazo de presentación de instancias.
- d) Acreditar a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo, sen prexuízo de que sexan admitidas as persoas con minusvalías en igualdade de condicións cos demais aspirantes.
- e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escala de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fóra separado ou inabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- f) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade que determine a lexislación vixente.

g) Antes da toma de posesión, acreditar que non realizan outras actividades, públicas ou privadas, que sexan incompatibles coa prestación de servizos. Os aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade unha vez que o Tribunal formalice a proposta de selección definitiva. De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación de servizo á Deputación ou INLUDES, os aspirantes seleccionados comprométense a renunciar á mencionada actividade.

3. - PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Os interesados dirixirán as solicitudes, no modelo oficial que se publica como anexo II destas bases e que tamén se facilitará no Negociado de Selección, Promoción e Carreira, ao Ilmo. Sr. Presidente da Excma. Deputación Provincial e presentaranas no Rexistro Xeral da Excma. Deputación ou nos lugares que determina o artigo 38.4 da LRJAP-PAC, no prazo de 10 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia, publicándose a resolución pola que se aproba a convocatoria e as bases integralmente no taboleiro de edictos da Deputación.

A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumplimentada debidamente polos aspirantes e nela relacionarán, nos apartados correspondentes, os méritos que aleguen. Os méritos relacionados acreditanse conforme se establece na base 4.3.

Finalizado o prazo de presentación de instancias o Tribunal publicará a lista de admitidos no taboleiro de edictos, outorgando un prazo máximo de 2 días naturais para que os excluídos aleguen o que consideren. Resoltas as reclamacións, publicarase a lista definitiva no taboleiro de edictos ou darase por definitiva a lista provisional se non houbera reclamacións ou se estas non foran suficientes para a súa consideración.

4.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

4.1.- FOTOCOPIA DO DNI OU PASAPORTE.

Ademais, os aspirantes estranxeiros, deberán presentar documentos que acrediten que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

4.2 TAXA POR PARTICIPACIÓN EN PROCESOS SELECTIVOS.

A) Documentación acreditativa de ter aboada a taxa por participación en procesos selectivos.

De acordo coa ordenanza desta Excma. Deputación Provincial publicada no B.O.P nº 202 de 1 de setembro de 2004, onde se establece a taxa por participación en procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial ou os seus Organismos Autónomos, para participar na presente convocatoria os aspirantes deberán fazer o aboamento de 15 euros que ingresarán directamente nas oficinas da Tesourería da Deputación ou mediante transferencia bancaria na conta número C/C-2091-0163-45-3110000423 da Caixa Galicia, Oficina 0163 ou mediante Xiro Postal dirixido á Tesourería desta Entidade.

Os aspirantes acompañarán a solicitude co documento acreditativo de ter feito ingreso da correspondente taxa dentro do período de presentación de solicitudes.

B) Certificación relativa á condición de desempregado para os efectos de reducción da taxa por participación en procesos selectivos.

Os aspirantes que acrediten a condición de desempregados e non perciban prestación de desempleo, gozarán dunha redución na taxa de participación en procedementos selectivos do 75%. En consecuencia, para acreditar esta situación e participar no procedemento selectivo que se convoca deberán:

- Aboar a cantidad de 3,75 euros en concepto de taxa por participación en procesos selectivos directamente nas oficinas da Tesourería da Deputación ou mediante transferencia Bancaria na conta número C/C-2091-0163-45-3110000423 da Caixa Galicia, oficina 0163 ou mediante xiro postal dirixido á Tesourería desta Entidade.

- Presentar certificación da oficina do Servicio Público de Emprego Estatal (SPEE) que acredite a condición de ser desempregado e non perciba prestación de desempleo na súa modalidade contributiva.

C) Consecuencias do incumprimento do establecido nos apartados A e B anteriores.

En ningún caso o pagamento da taxa por participación en procesos selectivos e a xustificación do pagamento, substituirá a obriga de presentar en tempo a solicitude, non sendo emendable e quedando excluídos definitivamente os que non presentasen a correspondente solicitude en prazo.

4.3.- MÉRITOS DEBIDAMENTE ACREDITADOS.

A) Documentación acreditativa dos méritos.

Deberase acompañar á solicitude as xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación coa praza/posto/función que se convoca, mediante:

- Certificacións de servizos prestados, expedida polo organismo oficial no que se prestaron, certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social á que deberá achegarse contrato de traballo inscrito no SPEE (Servizo Público de Emprego Estatal) ou nóminas se os servizos se prestaron en empresas privadas, nos que se poida comprobar que as funcións ou tarefas realizadas se corresponden coas da praza.

- Copia autenticada da/s titulación/s, cursos, másters, etc.

- Currículo debidamente documentado e acreditado, ou calquera outro documento que probe de xeito indubidable a posesión destes.

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

Coa finalidade de que non se descoñezan méritos profesionais ou a acreditación de servizos a Deputación ou o INLUDES, os aspirantes deberán solicitar, en instancia diferente á de participación no proceso selectivo, certificación que acredite os ditos servicios. A instancia irá dirixida ao Ilmo. Sr. Presidente e presentarase no Rexistro Xeral desta Entidade dentro do prazo de presentación fixado na convocatoria. As certificacións serán incorporadas directamente ao expediente, entregándose copia ao interesado si así o solicitase.

Os méritos aos que se fai referencia no baremo deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

B) Consecuencias do incumprimento do establecido no apartado anterior.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior, determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán ainda que se acrediten fora do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse. Tampouco se requerirá aos interesados para que os acrediten.

5. - TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

5.1.- COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.

O Tribunal de selección acomodarase ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por 5 membros nomeados polo Presidente.

PRESIDENTE: O Xefe do Servizo de Recursos Humanos.

VOGAIS:

- Tres técnicos ou expertos designados polo Presidente da Excma. Deputación Provincial.

SECRETARIO: O da Corporación ou funcionario que o substitúa regulamentariamente.

Por cada membro do Tribunal nomearase un suplente.

A composición do Tribunal publicarase no taboleiro de edictos da Deputación xunto coas datas da realización das probas 72 horas antes de iniciarse estas.

5.2.- INCORPORACIÓN DE ASESORES E PERSOAL DE COLABORACIÓN.

O Tribunal poderá disponer a incorporación aos seus traballos de asesores naquelhas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores en tarefas de vixilancia e control de desenvolvemento dos diferentes exercicios.

6.- O SISTEMA DE SELECCIÓN SERÁ O CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE.**7.- FASE DE OPOSICIÓN.**

Se fose necesario polo carácter urxente do procedemento selectivo, a fase de oposición e os exercicios da mesma poderán realizarse sen interrupción.

A fase de oposición consistirá nas seguintes probas:

7.1.- PROBA DE COÑECIMENTOS XERAIS E ESPECÍFICOS.

Contestación a unha proba que consistirá nun exercicio de carácter teórico sobre:

a) Coñecementos xerais relacionados coa Administración Pública en xeral e coa Administración Local en particular.

b) Coñecementos específicos en relación co posto de traballo a desempeñar e/ou as funcións a realizar.

Os contidos desta proba estarán referidos ao programa sinalado no anexo I.

Este exercicio terá carácter teórico e a súa finalidade é que os aspirantes poidan amosar os coñecementos sobre o programa antes sinalado.

O exercicio poderá consistir:

a) Nun exame tipo test sobre os contidos do programa correspondentes ao apartado A) do temario referido a Materias Comúns e na exposición por escrito dun tema (ou parte do mesmo) dos contidos no temario correspondente co apartado B) Materias Específicas, sorteado polo Tribunal inmediatamente antes da realización do exercicio.

O Tribunal poderá solicitar ao aspirante que lea dito exercicio así como formular preguntas sobre o contido do tema ou solicitar as aclaracións de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa dos coñecementos de cada aspirante.

b) Nun exercicio tipo test sobre o conxunto do programa.

Este exercicio valorarase ata un máximo de 20 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 10 puntos.

7.2.- PROBA PRÁCTICA.

Consistirá nun exercicio que permita valorar a aplicación dos coñecementos e capacidades dos aspirantes a un suposto concreto, así como coñecer as súas habilidades e destrezas. Esta proba práctica simulará un suposto que poida darse no desempeño do posto que se convoca e poderá consistir na realización material da mesma ou na indicación do itinerario a seguir (fases, trámites, solucións a problemas, etc.), na realización da mesma, materializando ou sinalando algúns destas fases.

O Tribunal proponerá dous exercicios e os aspirantes elixiran libremente un deles, podendo, neste caso, solicitar ao aspirante que o lea diante do Tribunal.

Este exercicio deberá realizarse exclusivamente en lingua galega. (Artigo 28 do Decreto Lexislativo 1/2008 de 13 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia).

Para a cualificación do exercicio terase en conta os coñecementos prácticos e a corrección lingüística.

Este exercicio valorarase ata un máximo de 20 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 10 puntos.

8.- FASE DE CONCURSO.

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso aos aspirantes que superasen todos os exercicios.

9.- BAREMO DE MÉRITOS.**9.1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL.**

Valorarase a experiencia profesional segundo os seguintes criterios ata un máximo de 5 puntos.

a) Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo ou similar ao que se convoca, ou realizar as funcións deste, na Administración Pública, ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes da mesma, como funcionario ou contratado laboral.

- No caso que se desempeñe o mesmo posto de traballo, valorarase a razón de 0.084 puntos por mes.

- Se o posto se considera similar, a puntuación será de 0.084 se este fose de grupo de titulación superior, 0.063 se fose do mesmo grupo de titulación e 0.042 se fose dun grupo de titulación inferior. Entenderase por posto simi-

lar aquel que conteña algunha das función do posto que se convoca ou funcións similares dentro dunha área de actividade, escala ou subescala.

b) Cando a experiencia profesional acreditada fose desempeñada en Entidades Privadas.

- No caso que se desempeñe o mesmo posto de traballo, valorarase a razón de 0,042 puntos por mes.

- Se o posto se considera similar a puntuación será de 0,042 se este fose de grupo de titulación superior, 0,032 se fose do mesmo grupo de titulación e 0,022 se fose dun grupo de titulación inferior. Entenderase por posto similar aquel que conteña algunha das función do posto que se convoca ou funcións similares dentro dunha área de actividade, escala ou subescala.

9.2.- TITULACIÓN ACADÉMICAS:

A puntuación máxima neste apartado será de 1 punto.

As titulacións académicas distintas á esixida para a praza de traballo, sempre que o Tribunal considere que están relacionados coas funcións da praza/posto/funcións á que se opta, valorarase a razón de 0,25 puntos se a titulación é do mesmo nivel e 0,5 puntos se a titulación é de nivel superior.

Se a titulación fose moi relevante para o desempeño do posto valorarase con 1 punto.

9.3.- CURSOS, ESTUDOS, XORNADAS RELACIONADAS COAS FUNCIÓN DA PRAZA / POSTO / FUNCIÓN Á QUE SE OPTA:

Valoraranse seguindo a seguinte táboa ata un máximo de 4 puntos.

CURSOS DE	PUNTUACIÓN POR HORA
ASISTENCIA	0,005
APROVEITAMENTO	0,010
IMPARTICIÓN	0,020

Os cursos de informática valoraranse sempre que o Tribunal considere que están relacionados coas funcións da praza á que se opta.

PUBLICACIÓN, PROXECTOS, ETC RELACIONADAS COAS FUNCIÓN DO POSTO DE TRABALLO:
Valoraranse a criterio do Tribunal en función do contido das mesmas e da relevancia para o posto de traballo.

9.4.- IDIOMA GALEGO.

A puntuación máxima neste apartado será de 1 punto.

O coñecemento do idioma galego puntuarase do seguinte xeito:

- CELGA 3, curso de iniciación, a súa validación, a proba libre de iniciación, curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros, 1º curso Escola Oficial de Idiomas: 0,2 puntos.

- CELGA 4, curso de perfeccionamento da lingua galega, a súa validación, curso básico de linguaxe administrativa galega, curso básico de linguaxe xurídica galega e curso de nivel medio de lingua e cultura galgas para extranxeiros 1º e 2º e 3º curso da escola oficial de idiomas 0,30 puntos.

Outros cursos. En función do interese para o desempeño das funcións da praza/posto, duración e outros criterios obxectivos, o Tribunal poderá puntualos ata un máximo de 0,50 puntos.

Non poderán, en ningún caso acumularse as puntuacións polos distintos cursos ou titulacións, puntuándose, en consecuencia, polo curso ou titulación de nivel superior.

Só se lle concederá validez, polo que á acreditación do idioma galego se refire, aos cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

9.5.- IDIOMAS COMUNITARIOS.

A puntuación máxima neste apartado será de 1 punto.

O coñecemento de idiomas comunitarios valorarase, cando sexan relevantes para o desempeño do posto que vai desempeñar, do seguinte xeito:

- Por cursos, titulación expedidas por Escolas Oficiais de idiomas ata un máximo de 0,5 puntos, a razón de 0,10 por curso.

- Polo título de licenciado ata un máximo de 1 punto.

Outros cursos valoraranse a xuízo do Tribunal

9.6.- SUPERACIÓN DE EXERCICIOS.

Valorarase ata un máximo de 1 punto.

Ter superado exercicios para acceso con carácter definitivo á mesma praza á que se opta en calquera Administración Pública, nos dous anos anteriores.

9.7.- ENTREVISTA CURRICULAR.

A entrevista valorarase ata un máximo de 3 puntos.

A entrevista terá como finalidade apreciar o grao de madurez e dominio dos coñecementos, formación e experiencia acreditada no currículo, en relación coa praza/posto/funcións á que optan e ao posto que vai desempeñar. Versará sobre o grao de formación xeral e técnica na que se valorará principalmente a aptitude e actitude para o posto de traballo que se convoca.

10.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

11.- PROPOSTA DE SELECCIÓN.

O Presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Presidencia, sen que esta poida superar o número de prazas/postos convocados. A dita proposta publicarase no taboleiro de edictos da Excma. Deputación Provincial.

O Tribunal establecerá a orde de aqueles aspirantes que sen ser seleccionados aprobaron todas as probas.

A Administración, no caso de que xorda a necesidade de prestación de servizos con carácter de urxencia, poderá incorporar persoal da citada relación durante o período de un ano, dende a publicación da proposta de selección do Tribunal no taboleiro de anuncios.

A cobertura das prazas/postos convocados, efectuarase de acordo coas peticións dos interesados, segundo a orde obtida no proceso selectivo.

12.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

Tendo en conta que as/os aspirantes para tomar parte nas probas só precisan manifestar na súa instancia que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas nas bases 2, os/as aspirantes propostos/as para ocupar as prazas convocadas achegarán no prazo de 5 días naturais contados a partir do día seguinte da publicación da proposta de selección no taboleiro de edictos (prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algúns documentos por causas alleas á súa vontade) os documentos que xustifiquen as condicións de capacidade e demais requisitos contidos na base 2.

A xustificación das condicións dos aspirantes acreditaranse coa seguinte documentación:

- Os apartados a) e b) mediante fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros, debidamente compulsados por ambos lados.

- O apartado c) con copia compulsada do Título Oficial ou no seu defecto resgado de ter efectuado o depósito para obtelo (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá acompañarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia na que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso).

- O apartado d) deberá acreditarse a través da superación do correspondente recoñecemento médico que conterá, con carácter xeral, coa amplitude necesaria para acreditar que non padece enfermidade ou defecto físico que lle impida o desenvolvemento das funcións do cargo, e sen prexuízo das probas concretas que poidan esixirse especificamente en cada convocatoria. Se non se esixise o anterior requisito, o aspirante deberá achegar Certificado Médico Oficial para o efecto.

- Os apartados e) e f) con declaración xurada para o efecto.

13. - RESOLUCIÓN E TOMA DE POSESIÓN.

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder as prazas/postos que se convocan, a Presidencia resolverá o procedemento selectivo nomeando funcionarios interinos aos aspirantes propostos e formalizando as tomas de posesión.

14.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local, Acordo Marco Único vixente nesta entidade e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzcan na aplicación destes.

15.- RECURSOS.

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria e que é definitiva en vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Ilmo. Sr. Presidente da Excma. Deputación Provincial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á recepción da presente notificación o recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous

meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdicción, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial de Lugo, 20 de xaneiro de 2009.- O Secretario, ilexible.

ANEXO I.

PERSOAL FUNCIONARIO.

Nº	DENOMINACIÓN				FUNCIÓN DO			
	PRAZA/POSTO	CLASIFICACIÓN	R.X	G	TITULACIÓN	POSTO	ADSCRICIÓN	REL. X.
2	D.U.E.	Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Técnicos Medios.	RF	A-A2	Diplomatura en Enfermaría	As propias da súa titulación	C.R. e R. SAN RAFAEL	FUNCIONARIO INTERINO (Art. 10.b) do EBEP- substitución transitoria do titular)

PROGRAMAS..-

D.U.E.

A) MATERIAS COMÚNS.

Tema 1.- A Constitución Española de 1978. Principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais dos españois. Principais órganos do Estado. A Coroa e as Cortes Xerais. O Goberno e a Administración. O Poder Xudicial e o Tribunal Constitucional

Tema 2.- A organización territorial do Estado. Distintas Administracións Públicas. A Administración do Estado. O Estatuto de Autonomía. O Estatuto de Autonomía de Galicia: aspectos esenciais.

Tema 3.- A provincia no réxime local. A organización provincial. Competencias

Tema 4.- O procedemento administrativo local. Conceptos xerais.

Tema 5.- Facendas locais. Clasificación dos ingresos. Ordenanzas fiscais. Os orzamentos locais.

Tema 6.- O persoal ao servizo das Corporacións Locais. Dereitos e deberes dos funcionarios públicos.

Tema 7.- A Deputación Provincial de Lugo. Organización desta.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 1.- Príncipios fundamentais da Bioética. Dilemas éticos. O segredo profesional: concepto e regulación xurídica. O consentimento informado. Os dereitos de información sanitaria, intimidade e respecto á autonomía dos pacientes.

Tema 2.- Técnicas e habilidades de comunicación e relación inter persoal. Traballo en equipo. Entrevista clínica. Concepto e características. Identificación das necesidades de apoio emocional e psicolóxico ao paciente. Coidador principal e familia

Tema 3.- Proceso de atención de Enfermaría (PAE): etapas do PAE. Plan de coidados enfermeiros.

Tema 4.- Historia clínica. Rexistros específicos de actividades de Enfermaría en atención primaria e atención especializada. Informe de enfermaría ou alta. Clasificacións internacionais de problemas de saúde. (CIAP-2, CIE-9 e NANDA). Características xerais.

Tema 5.- Prevención e promoción de saúde: Concepto. Detención precoz de problemas de saúde: concepto. Programas de saúde.

Tema 6.- Inmunizacións: Concepto. Clasificación e tipos de vacinas. Contraindicacións. Complicacións. Conservación, administración e pautas de vacinación.

Tema 7.- A educación para a saúde individual, gripal e comunitaria: Concepto, metodoloxía e técnicas didácticas. Técnicas de educación para a saúde, para o fomento do auto-coidado e promoción da saúde do paciente, coidador principal e familia.

Tema 8.- Hixiene en centros sanitarios: Conceptos xerais. Antisépticos. Desinfectantes. Esterilización. O servizo de esterilización. Preparación e tipos de material a esterilizar, métodos de esterilización. Manipulación e conservación do material estéril. Infección nosocomial. Medidas preventivas. Aislamento hospitalario: Concepto, tipos e descripción. Xestión de residuos sanitarios.

Tema 9.- O hospital e os problemas psicosociais e de adaptación do paciente hospitalizado. Valoración de enfermaría do comportamento humano e a súa aplicación nos coidados de enfermaría.

Tema 10.- Valoración e coidados de enfermaría en pacientes con procesos infectocontaxiosos. Hepatite, tuberculose, SIDA e meninxite. Outros procesos infecciosos. Procedementos e técnicas de enfermaría. Medidas de preventión e control.

Tema 11.- Valoración e coidados de enfermaría no ancián. Principais cambios do procesos de envellecemento: fisiológicos, psicológicos e sociais. Hábitos dietéticos. Comunicación co paciente ancián.

Tema 12.- Valoración e coidados de enfermaría no enfermo terminal. Principais problemas. Apoio ao coidador principal e familia.

Tema 13.- Valoración e coidados de enfermaría ante situacións críticas: Politraumatizados, queimados, shock, intoxicacións. Parada cardiorrespiratoria; definición e medidas de actuación. Reanimación cardiopulmonar básica e avanzada. Urxencias e emergencias: Concepto.

Tema 14.- Clasificación xeral dos medicamentos. Absorción e eliminación dos fármacos. Toxicidade e efectos colaterais. Farmacovixilancia. Condicións de conservación dos medicamentos.

Tema 15.- Administración de medicamentos. Precaución previas á administración dun fármaco. Vías de administración: definición e tipos. Puntos de elección, técnicas e problemas más frecuentes. Cálculo de doses.

Tema 16.- Alimentación e nutrición: Concepto e diferenciación. Clasificación dos alimentos. Elaboración de dietas. Dietas terapéuticas. Valoración e coidados de enfermaría en persoas con problemas de desnutrición, deshidratación, anorexia, bulimia e obesidade.

Tema 17.- Valoración e coidados de enfermaría en persoas con nutrición enteral e parenteral. Técnicas de administración. Protocolos de actuación.

Tema 18.- Valoración e coidados de enfermaría en persoas con problemas neurológicos: accidente cerebrovascular, epilepsia. Outros problemas do sistema nervioso. Procedimento e técnicas de enfermaría.

Tema 19.- Valoración e coidados de enfermaría a persoas con problemas respiratorios: Insuficiencia respiratoria aguda, enfermedade pulmonar obstrutiva crónica. Outros problemas broncopulmonares. Procedimentos de enfermaría. Osíxenoterapia e outras técnicas.

Tema 20.- Valoración e coidados de enfermaría a persoas con problemas cardiovasculares: Insuficiencia cardíaca, infarto de miocardio, hipertensión arterial. Outros problemas cardiovasculares. Procedimentos e técnicas de enfermaría.

Tema 21.- Valoración e coidados de enfermaría a persoas con problemas no sistema renal: Insuficiencia renal aguda. Outros problemas renais e urológicos. Procedimentos e técnicas de enfermaría. Cateterismo vesical: Concepto, indicacións e contraindicacións do sondaxe vesical.

Tema 22.- Valoración e coidados de enfermaría a persoas con problemas endocrínicos: diabetes. Outros problemas. Procedimentos e técnicas de enfermaría.

Tema 23.- Valoración e coidados de enfermaría en persoas con problemas no sistema musculoesquelético. Principais problemas do aparello locomotor. Procedimentos de enfermaría: Vendaxes, inmovilizacións e outras técnicas.

Tema 24.- Valoración e coidados de enfermaría en persoas con problemas gastrointestinais: Abdomen agudo, úlcera gastroduodenal. Outros problemas gastrointestinais. Procedimento e técnicas de enfermaría.

Tema 25.- Valoración e coidados de enfermaría en persoas con problemas nos órganos dos sentidos: Principais problemas. Procedimentos e técnicas de enfermaría.

Tema 26.- Valoración e coidados de enfermaría en persoas con problemas oncológicos: Principais problemas. Procedimentos e técnicas de enfermaría. Medicamentos antineoplásicos: Clasificación e efectos secundarios. Medicamentos coadxuvantes. Manipulación de medicamentos citostáticos.

Tema 27.- Valoración e coidados de enfermaría en feridas crónicas (úlcera por presión, úlcera, varicosa, úlcera venosa, pe diabético e queimaduras): Concepto, factores de risco, localización. Procesos de formación e estados. Escalas de valoración de risco. Medidas de prevención e tratamiento.

Tema 28.- Exercicio profesional e práctica de enfermaría no campo da saúde da atención psiquiátrica. Marcos conceptuais de atención psiquiátrica.

Tema 29.- Trastornos psicofisiológicos debidos a situacións estresantes. Definición da relación saude-corpo. Concepto actual de estrés. Consecuencias do estrés grave. Trastornos psicofisiológicos. Estratexias de enfermaría en situacións de estrés. Coidados e atención de enfermaría.

Tema 30.- Trastornos do humor e conduta suicida. Concepto, clasificación, manifestacións clínicas, estratexias terapéuticas. Planificación de coidados en pacientes depresivos.

Tema 31.- Trastornos da personalidade e do comportamento. Concepto de trastorno da personalidade. Clasificación dos trastornos de personalidade. Curso clínico, tratamiento e diagnóstico. Coidados en atención de enfermaría.

Tema 32.- Trastornos psicóticos. Concepto de esquizofrenia. Características psicopatológicas. Diagnóstico. Subtipos de esquizofrenia, epidemiología. Coidados en atención de enfermaría.

Tema 33.- Trastornos somatomorfos e disociativos. Concepto. Características. Valoración e coidados de enfermaría en persoas con trastornos somatomorfos e disociativos.

Tema 34.- Trastornos mentais orgánicos. Concepto de trastorno mental orgánico. Demencia. Delirium. Síndrome

amnésico. Síndrome delirante orgánico. Alucinose orgánica. Síndrome afectivo orgánico.

Tema 35.- Trastornos neuróticos. Concepto de trastorno neurótico. Trastornos fóbicos. Trastornos obsesivos-compulsivos. Outros trastornos da ansiedade. Trastornos disociativos. Trastornos de adaptación.

Tema 36.- Trastornos dos hábitos e do control dos impulsos. Clasificación dos trastornos dos hábitos e do control dos impulsos. Ludopatía. Piromanía. Cleptomanía. Coidados en atención de enfermaría.

Tema 37.- Urxencias psiquiátricas e crise. Concepto de urxencia psiquiátrica. Frecuencia das urxencias psiquiátricas. Paciente axitado. Paciente agresivo. Paciente depresivo. Paciente suicida. Paciente toxicómano. Protocolo de contención mecánica.

Tema 38.- Psicoxeriatría. Concepto. Características biosicosociais da vellez. Evolución da asistencia psicoxeriatría. Modalidades asistenciais en psicoxeriatría.

Tema 39.- Rehabilitación e resocialización. Concepto de rehabilitación e reinserción social. Obxectivos do programa de rehabilitación e reinserción social na enfermaría psiquiátrica. Proceso de atención de enfermaría na rehabilitación e reinserción social do enfermo mental. Niveis de rehabilitación dun enfermo de longa estancia.

Tema 40.- Terapia electroconvulsiva. Coidados de enfermaría en terapia electroconvulsiva. Etapas do procedemento. intervencións de enfermaría nos principais problemas da terapia electroconvulsiva.

Tema 41.- Tratamento psicofarmacolóxico. Fármacos antisióticos. Fármacos antidepresivos. Fármacos ansiolíticos e hipnóticos.

Tema 42.- A comunicación en condicións difíciles: Paciente ansioso, paciente agresivo, paciente suicida.

Tema 43.- Violencia de xénero e coidados de enfermaría.

Palacio Provincial, 20 de xaneiro de 2009.- O Secretario, Faustino Martínez Fernández.

ANEXO I.

PERSOAL LABORAL.

Nº	DENOMINACIÓN DO POSTO	RX	GR	REQUISITOS	FUNCIÓN DO POSTO	ADSCRICIÓN	RELACIÓN XURÍDICA
2	OBREIROS COCIÑA	RL	Agrupacións profesionais (Disp. Trans. Terceira)	Non se exixe estar en posesión de ningunha das titulacións previstas no sistema educativo español (Disp. Adic. Séptima do EBEP) para o seu condimento e limpeza dos útiles de cociña ou comedor e dos locais de cociña e anexos.	Colaborar co cociñeiro na elaboración de menús, preparación dos víveres	C.R. E R. SAN RAFAEL	CONTRATADO LABORAL TEMPORAL

OBREIROS COCIÑA.

A) MATERIAS COMÚNS.

Tema 1. A Constitución Española de 1978. Aspectos esenciais. A provincia como entidade local.

Tema 2. A Deputación Provincial de Lugo. Organización. O persoal ao servizo das Corporacións Locais. Dereitos e deberes do persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 1. O almacenamento: Almacenamento de produtos perecedoiros e non perecedoiros. Almacenamento de produtos conxelados. Prácticas correctas de hixiene.

Tema 2. A contaminación dos alimentos. Perigos de transmisión alimentaria, orixes. Prevención, tratamiento e eliminación dos mesmos. A contaminación cruzada.

Tema 3. Normativa básica nas cociñas de colectividades: Real Decreto 202/2000, de 11 de febreiro, Real Decreto 3.484/2000, de 29 de decembro e Real Decreto 2.207/1995, de 28 de decembro.

Tema 4. Sistemas de análise de perigos e puntos críticos, definicións, concepto básico de implantación e desenvolvemento.

Tema 5. Acondicionamento das materias primas: Carnes, peixes, hortalizas, froitas. Limpeza, cortes e preelaboración.

Tema 6. A desconxelación. Actividades de limpo e sucio. Termos básicos de cociña. Prácticas correctas de hixiene.

Tema 7. A limpeza e desinfección: Bandexas, cubertería e vaixela, superficies de cociña, maquinaria e aparellos de cociña. Prácticas correctas de hixiene.

Tema 8. Conceptos básicos de nutrición, dietas terapéuticas más utilizadas nun centro hospitalario

Pazo Provincial, 20 de xaneiro de 2009.- O Secretario, Faustino Martínez Fernández.

ANEXO II**EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO****I.- DATOS DA PRAZA- POSTO OU FUNCIÓN QUE SOLICITO**

DENOMINACIÓN: _____

ADSCRICIÓN: _____

RÉXIME XURÍDICO: _____

DATA PUBLICACIÓN CONVOCATORIA BOP: _____

II. DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
DNI.	TELÉFONO PARTICULAR: MÓBIL:	
DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	MUNICIPIO E PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL

EXPOÑO :

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- a) Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- b) Ter cumplidos 16 anos de idade e non exceder de 65 anos.
- c) Estar en posesión do título de _____ esixido no Anexo I da convocatoria ou en condiciones de obtelo na data na que termine o prazo de presentación de instancias.
- d) Posuír a capacidade física e psíquica necesaria para o exercicio das correspondentes funcións.
- e) Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.

así mesmo, manifesto que me foi recoñecida unha minusvalía polo que solicito a adaptación que se adxunta polos motivos que se expresan .(En folio aparte especificar os motivos da minusvalía e a adaptacións que solicita).

SOLICITO:

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondente.

Lugo, a.....de.....de

(Asinado)

• MÉRITOS QUE DEBERÁN SER APORTADOS E ACREDITADOS POLOS ASPIRANTES (BASE 4.2).

9.1.-EXPERIENCIA PROFESIONAL (Máximo 5 puntos)

a) Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo ou similar ao que se convoca ou realizar as funcións deste na Admón. Pública ou organismos autónomos de carácter Administrativo dependentes da mesma como funcionario ou contratado laboral.

Puntuación:

b) Experiencia profesional desempeñada en Entidades Privadas

Puntuación:

**9.2.- TITULACIÓNS ACADÉMICAS DISTINTAS Á ESIXIDA NO ANEXO I DA CONVOCATORIA
(Máximo 1 punto)**

Puntuación:

9.3.- CURSOS DE ASISTENCIA (Máximo 4 puntos)

Nº ORDE	DENOMINACIÓN	HORAS	PUNTUACIÓN
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
11			
12			
13			
PUNTUACIÓN TOTAL			

<u>CURSOS DE APROVEITAMENTO</u>			
Nº ORDE	DENOMINACIÓN	HORAS	PUNTUACIÓN
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
PUNTUACIÓN TOTAL			

<u>IMPARTICIÓN DE CURSOS</u>			
Nº ORDE	DENOMINACIÓN	HORAS	PUNTUACIÓN
1			
2			
3			
4			
PUNTUACIÓN TOTAL			

<u>PUBLICACIÓNS, PROXECTOS, ETC</u>			
Nº ORDE	DENOMINACIÓN		
1			
2			
3			
4			
5			
PUNTUACIÓN TOTAL			

<u>CURSOS DE INFORMÁTICA</u>			
Nº ORDE	DENOMINACIÓN	HORAS	PUNTUACIÓN
		Asistencia	Aproveitamento
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
PUNTUACIÓN TOTAL			

<u>9.4.- IDIOMA GALEGO (Máximo 1 punto)</u>	<u>Puntuación:</u>

<u>9.5.-IDIOMAS COMUNITARIOS (Máximo 1 punto)</u>	<u>Puntuación:</u>

<u>9.6.-SUPERACIÓN DE EXERCICIOS (Máximo 1 punto)</u>	<u>Puntuación:</u>

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

AYUNTAMIENTOS

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 26 de decembro de 2008, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento negociado para a CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACION E INSTALACIÓN DE XOGOS INFANTÍS E PAVIMENTO CONTÍNUO DE SEGURIDADE EN DÚAS ÁREAS DE XOGO NO PARQUE DA MILAGROSA NO CONCELLO DE LUGO.

Por medio deste anuncio dase a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descripción do obxecto: É obxecto do presente contrato a subministración e instalación de xogos infantís e pavimento continuo de seguridade en dúas áreas de xogos no parque da Milagrosa no Concello de Lugo.

b) Prazo de execución: O prazo máximo para a execución será de UN MES dende a data de formalización do contrato administrativo.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Negociado.

4.- Tipo de licitación.

a) Orzamento máximo do contrato:

O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 75.000,00 euros polo que incluído o IVE (12.000 euros) resulta un presupuesto total de 87.000,00 euros.

5.- Garantías:

a) Provisional: 2.250,00 euros.

b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

d) Teléfonos: (982) 29-73-01, 29-71-27.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

1) Dirección internet: www.lugo.es (zona de servicios: Perfil do contratante).

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados no prego de condicións.

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3^a planta).

c) Localidade: Lugo.

d) Data: Ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacions: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 150,90 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 13 de xaneiro de 2009.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA-ALCALDE DA AREA (Decreto Alcaldía n° 75/2007), Sonia Méndez García.

R. 00250

MONFORTE DE LEMOS*Edicto*

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común (B.O.E. 285, de 27 de novembro de 1992), faise pública notificación da iniciación dos expedientes sancionadores que se indican, instruídos por este Concello, ás persoas ou entidades denunciadas que a continuación se relacionan, xa que intentada a notificación no último enderezo coñecido, ésta non se puido practicar.

O órgano instrutor do procedemento é a Unidade de Sancións do Concello e o órgano competente para a súa resolución é o Ilmo. Sr. Alcalde, de conformidade co disposto no art. 69.2 do Real Decreto 339/1900, de 2 de marzo.

NIF Infactor	Nome e Apelidos	Municipio	Nº Expediente	Matrícula	Art/Lei/Apd	Importe
Enderezo:		Provincia	Lugar Denuncia		Data/Hora Infracc.	
34263524X	LOPEZ ALVAREZ M. CONCEPCION	CORUÑA (A)	574/2008990FFG		91/RGC	91,00
CL ALMIRANTE ROMAY 3	Pla 06 Pu IZ	CORUÑA (A)	CL Cardenal nº45		06/06/2008	10:00
34267040F	GUITIAN VAZQUEZ IBAN	MONFORTE DE LEMOS	976/2008	M4448WU	171 RGC	60,00
PASEO MALECON	0008 S N B	LUGO	CL Conde nº58		09/10/2008	18:51
X04057042A	OCHOA TOIRAN HAIDEE	MONFORTE DE LEMOS	984/2008	C0830BL	152/RGC	70,00
CL SARRIA 29	Pla 4 Pu I	LUGO	CL Veiguiña nº0		30/10/2008	13:06
76622229Y	LOPEZ LOPEZ ANA M.	MONFORTE DE LEMOS	1025/2008	LU3359T	171/RGC	60,00
CL CHANTADA 51	Pla 04 Pu E	LUGO	CL Huertas nº39		06/10/2008	19:40
B 27273739	D AS CASELAS DO LOR SL	MONFORTE DE LEMOS	1046/2008	2047DFB	171/ RGC	60,00
RUA ROBERTO BAAMONDE	0132 PBJ	LUGO	CL Cardenal nº0		27/10/2008	12:15
B 27273739	D AS CASELAS DO LOR SL	MONFORTE DE LEMOS	S727/2008	6162BSW	72/LSV	310,00
RUA ROBERTO BAAMONDE	0132 PBJ	LUGO	CL Cardenal nº0		22/12/2008	

No caso de disconformidade coa denuncia, ó amparo do art. 79.1 do RDL 339/1990, o denunciado poderá formular alegacións no prazo de quince días hábiles desde a presente publicación, que serán presentadas ou remitidas ó Rexistro Xeral do Concello de Monforte de Lemos sito no Campo de San Antonio s/n, Monforte de Lemos, Lugo. No suposto de non presentar alegacións dentro do prazo establecido o contido da presente notificación transformarase automáticamente en proposta de resolución ó amparo do establecido no artigo 13.2 do RD 1.398/1993 de 4 de agosto.

Conforme ó establecido no art. 72 do RDL 339/1990 na súa redacción dada pola Lei 17/2005, de 19 de xullo, o titular do vehículo ten o deber de identificar ó conductor do mesmo, no prazo de 15 días desde a presente publicación, indicando o seu nome completo, DNI e domicilio. Se non se identifica ao conductor, o titular será sancionado como autor de falta moi grave (301,00 euros ata 1.500,00 euros).

O titular do vehículo responderá tamén como autor de falta moi grave cando non sexa posible notificala denuncia ó conductor que se identifique por causa imputable a dito titular. Só poderá interpoñer alegacións e recursos procedentes o conductor responsable da infracción.

A sanción poderá facerse efectiva cunha reducción do 30% sobre a contía correspondente que se consignara no boletín de denuncia polo axente ou, no seu defecto, na notificación posterior de dita denuncia, sempre que dito pagamento se efectúe dentro dos 30 días naturais seguintes á presente publicación deste edicto, e advírteselle de que ese pagamento, implica a renuncia a formular alegacións e supón a terminación do procedemento sen necesidade de dictar resolución expresa, salvo que poida impoñer, ademáis, a suspensión do permiso ou licencia de conducir.

Lugar e forma de pago: En calquera sucursal da rede de oficinas Caixa Galicia mediante carta de pago que pode obter na Oficina de Recadación do Concello de Monforte de Lemos, sita na rúa Tecelanes, nº 2, baixo (27400-Lugo). Teléfono 982 41 62 08.

O que se publica para coñecemento dos interesados.

Monforte de Lemos, 8 de xaneiro de 2009.- O Ilmo. Alcalde-Presidente, Severino Rodríguez Díaz.

Edicto

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, publícase notificación da resolución sancionadora dictada nos expedientes que a continuación se relacionan, por denuncias formuladas en materia de tráfico polos axentes da autoridade ás persoas ou entidades que se indican, ao non ser posible realizala notificación, despois de intentala no domicilio coñecido do infractor, feito do que se ten constancia no expedente.

NIF Infractor	Nome e apelidos	Municipio	Nº Expediente	Matrícula	Art/Lei/Apd	Importe
Domicilio:		Provincia	Lugar denuncia		Data/Hora Infracc.	
34262418P	GARCIA VILARIÑO MARCOS	MONFORTE DE LEMOS	421/2008	LU9657U	91/RGC	91,00
CL ROF CODINA 6		LUGO	PZ Doctor Goyanes nº8		11/07/2008	17:00
34248842W	FEANS LOPEZ MANUEL	MONFORTE DE LEMOS	423/2008	C9828CF	171/RGC	60,00
CL SAN LAZARO 8		LUGO	CL Huertas nº39		11/07/2008	20:00
34110789H	FERNANDEZ DIAZ JOSE	MONFORTE DE LEMOS	427/2008	TO8081N	155/RGC	60,00
AV CALVO SOTELO 76		LUGO	CL Roberto Baamonde nº15		16/07/2008	12:26
34264589V	ALVAREZ ALVAREZ ASCENSION	MONFORTE DE LEMOS	433/2008	LU9132P	91/RGC	91,00
RU CONDESA PARDO BAZAN 30 Pla P01		LUGO	CL Roberto Baamonde nº62		16/07/2008	17:19
B 24453953	IMPORTACIONES ALVAREZ SL	PONFERRADA	S106/2008	9143CBR	72/LSV	310,00
AV LA MARTINA 3		LEON	CL Cardenal nº17		05/08/2008	
34255290X	VAZQUEZ RODRIGUEZ ARACELI	MONFORTE DE LEMOS	438/2008	4431DXH	91/RGC	91,00
CL REBOREDO 26 Pla 02		LUGO	CL Huertas nº37		18/07/2008	10:17
34241838J	LOPEZ FERNANDEZ M. ANTONIO	MONFORTE DE LEMOS	446/2008	3721DGN	91/RGC	91,00
CL ROBERTO BAAMONDE 35 Pla 03		LUGO	CL Roberto Baamonde nº38		10/06/2008	16:50
34269270Y	FERNANDEZ SOTELO LUCIA DE AV BELAN 2	SOBEREÑA	457/2008	C5782CF	91/RGC	91,00
		LUGO	CL Roberto Baamonde nº64		16/04/2008	10:15
34270612Z	ROMERO ROMERO FRANCISCO	MONFORTE DE LEMOS	599/2008	2711BFF	94/RGC	60,00
CL EDUARDO PONDAL 1 Pla 4 Pu B		LUGO	CL Benito Vicetto nº2		04/08/2008	12:55
33822505Q	PRADO FONTAO M. HORTENSIA	CHANTADA	555/2008	LE2502M	152/RGC	70,00
LG SAN ESTEBAN CONVENTO 13		LUGO	CL Duquesa De Alba nº0		28/06/2008	01:11
70800959J	FERREIRA ESA JOSE ANTONIO	BALEIRA	473/2008	M5789JX	91/RGC	150,00
LG FONTEO 10		LUGO	CL Julio Camba nº4		25/06/2008	13:20
34261602C	CARRAL IGLESIAS CARLOS	MONFORTE DE LEMOS	689/2008	PO8106AN	171/RGC	60,00
CL DOCTOR CASARES 58		LUGO	TR Veiguiña nº		14/08/2008	13:05
X04272332J	PORTELA ADELINA MARIA	MONFORTE DE LEMOS	715/2008	C3162BD	143/RGC	150,00
CL CORREDOIRA 93 Pla 01 Pu B		LUGO	CP Compañía nº0		16/08/2008	12:20
5627663T	PASTRANA MAROTO MARTIN	MONFORTE DE LEMOS	721/2008	LU8711L	152/RGC	70,00
MORIN 134		LUGO	CL Duquesa De Alba nº0		23/08/2008	01:56
34250172K	RODRIGUEZ VAZQUEZ LUIS ANGEL	MONFORTE DE LEMOS	732/2008	LU9396L	154/RGC	90,00
RU SAN PEDRO 74 Pla 01 Pu B		LUGO	CL Bailen nº0		21/08/2008	11:15
X 5458343Y	TAVERAS JAVIER GUILLERMINA	SAVIÑAO (O)	734/2008	C9934CG	94/RGC	60,00
LG AMEDO CHAVE 55		LUGO	AV Galicia nº48		22/08/2008	09:05

43685353G RODRIGUEZ RODRIGUEZ LUCIA	MONFORTE DE LEMOS	776/2008	9979BFB	171/RGC	60,00
CL CHANTADA 20 04/09/2008	LUGO 18:52		Estacionamento Parque dos Condes nº0		
34274960S MONTOYA ROMERO LUCIA	MONFORTE DE LEMOS	828/2008	7937CPN	171/RGC	60,00
AV CALVO SOTELO 76	LUGO		CL Otero Pedrayo nº18	23/09/2008	12:26
34257965V RODRIGUEZ MARTINEZ JOSE CONSTANTINO	MONFORTE DE LEMOS	829/2008	3450DGY	152/RGC	70,00
VALLE DE LEMOS 61 Pla P01 Pu C	LUGO		CL Duquesa De Alba nº92	13/09/2008	01:20
34274490M ROMERO ROMERO MERCEDES	MONFORTE DE LEMOS	846/2008	09356BK	171/RGC	60,00
CL MOLINOS DE ANTERO 31 Pla 01 Pu	LUGO		CL Otero Pedrayo nº0	24/09/2008	12:00

Contra o precedente acto de imposición de sanción só poderá interpoñerse recurso de reposición perante o mesmo órgano que adoptou a resolución impugnada dentro do prazo un mes contado desde o día seguinte ó da presente publicación, tendo carácter obligatorio previo ó recurso contencioso-administrativo (art.14.2 RDL 2/2004 de 5 de marzo e 108 da Lei 7/1985 de 2 de abril).

O recurso contencioso-administrativo poderase interpoñer no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación da resolución que poña fin ó recurso de reposición, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou da circunscripción na que teña o seu domicilio o sancionado (art. 46.1 e 4 da Lei 29/1998 de 13 de xullo).

Se non se producira resolución expresa do recurso de reposición, o recurso contencioso-administrativo poderase interpoñer no prazo de seis meses contados desde o día seguinte a aquél no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso previo de reposición. Non obstante, poderase interpoñerse calquera outro recurso que o interesado estime procedente con arreglo a dereito.

A sanción poderá facerse efectiva na súa totalidade dentro dos 15 días seguintes á presente publicación. Transcorrido o prazo establecido para o pago en período voluntario, o seu cobro realizarase co recargo correspondente, costas e xuros de demora, de conformidade co establecido nos artigos 161.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, e 21.2 do Real Decreto 320/1994, de 25 de febreiro.

Lugar e forma de pagamento:en calquera sucursal da rede de oficinas Caixa Galicia.

Monforte de Lemos, 8 de xaneiro de 2009.- O Alcalde - Presidente, Severino Rodríguez Díaz.

R. 00141

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACION LIXO QUINTO BIMESTRE 2008 E PRAZO DE PAGO.

Por Xunta de Goberno Local do día 30 de decembro de 2008 aprobouse o padrón da taxa pola recollida, tratamento e eliminación de lixo do sexto bimestre 2008 (novembro-decembro).

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, no Servicio de Rendas deste Concello, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba

o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 24 de febreiro de 2009 ata o 25 de abril de 2009.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento.

Monforte de Lemos, 13 de xaneiro de 2009.- O Alcalde-Presidente, Severino Rodríguez Díaz.

R. 00156

MONTERROSO

Edicto

Neste Concello tramítase expediente de baixa por inscrición indebida de:

- D^a M^a Rozilene Macedo Da Silva, titular do pasaporte CV433218, data de nacemento: 21/01/1969, último enderezo: Antonio Yebra de Ares, 10-1º.

Visto que non se puido efectua-la notificación persoal e o abeiro do disposto no artigo 72 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais co fin de dar cumprimento ó apartado II.1.c.2) da Resolución de 9 de abril de 1997, pola que se publica a de 1 de abril, da Presidencia do Instituto Nacional de Estadística e do Director Xeneral de Cooperación Territorial, públicase o presente edicto co fin de que no prazo de quince días hábiles, contados a partir da presente publicación no BOP, poidan presentar ante este Concello as alegacións que estimen pertinentes.

Monterroso, 9 de xaneiro de 2009.- O Alcalde-Presidente, Antonio E. Gato Soengas.

R. 00164

OUTEIRO DE REI

DECLARACIÓN DE NECESIDADE DE OCUPACIÓN

A Xunta de Goberno Local do Concello de Outeiro de Rei, na sesión celebrada o día 26 de decembro de 2008, adoptou o acordo que a continuación se transcribe:

"O pasado día 27 de outubro de 2008, a Asamblea Xeral da Xunta de Compensación do Plan Parcial Matela II, acordou solicitar o Concello de Outeiro de Rei a expropiación de dúas porcións de terreo incluídas no Plan Parcial Matela II, por mor do imcumprimento da función social da propiedade, ao non integrarse os seus propietarios na Xunta de Compensación.

Dita Xunta de Compensación (con número de rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras 25/08) se constituíu coa finalidade de xestionar a execución urbanística do Plan Parcial de Matela II, aprobado definitivamente por acordo plenario de data de 30 de xuño de 2003.

Verifícase o cumprimento da legalidade na constitución da Xunta de Compensación e da notificación aos interesados, así coma o cumprimento dos prazos de incorporación a Xunta así constituída.

Verifícase, asemade que, dada a superficie dos terreos a expropiar non é posible aplicar o sistema alternativo fixado polo artigo 156.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, xa que, en ningún caso as parcelas resultantes terían a condición de edificables.

En efecto, unha das parcelas a expropiar ten unha superficie de 9,50 m² que, obviamente, inclumpe todo parámetro edificatorio.

A outra parcela dispón de unha superficie inicial de 1.229,49 m², polo que, unha vez descontadas as cesión obligatorias adicadas a suelo demanial (42,20%, pág. 40 do Plan Parcial), restaría unha superficie de 710,65 m², aos que hai que restarles un 10% de cesión obligatoria (71,065 m²), restando 639,58 m², e descontar desta superficie os custos de urbanización (3.830,4 euros, apricando os prezos fixados na memoria económica do Plan Parcial). Se o prezo de expropiación fixado na folla de aprecio é de 2,62 euros/m² bruto, os custos de urbanización serían superiores ao prezo da parcela, polo que a superficie resultante sería, consecuentemente, inferior a parcela mínima edificable: (400 m² ou 1.400, segundo os casos).

Polo tanto, estímase que se cumpre o principio de proporcionalidade na aplicación da expropiación forzosa.

Coa finalidade de iniciar o procedemento de expropiación forzosa, e de conformidade co acordo de delegación adoptado na sesión plenaria de data de 26 de xuño de 2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, acorda

- Declarar de necesidade de ocupación das seguintes fincas de natureza urbanizable de prescripción industrial:

Porción de 9,50 m² incluida no Plan Parcial Matela II, pertencente á parcela con referencia catastral 5140532PH1754S0001AD, de Outeiro de Rei, así coma da plantación existente sobor a parcela, e cuxa titularidade se atribúe a dona María Josefa Arias Méndez.

A valoración dos dereitos a expropiar fíxase en 39,52 euros más 1,98 euros en concepto de premio de afección.

Porción de 1.229,49 m² incluida no Plan Parcial Matela II, pertencente á parcela con referencia catastral 5140522PH1754S0001JD, de Outeiro de Rei, así coma da plantación existente sobor a parcela, e cuxa titularidade se atribúe aos herdeiros de don Luis Vilanova Alonso.

A valoración dos dereitos a expropiar fíxase en 5.115,03 euros más 2.55,75 euros en concepto de premio de afección.

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954, ábrese un prazo de información pública de quince días hábiles, durante os cales calquer persoa poderá acceder ao expediente, e aportar por escrito os datos oportunos para rectificar posibles erros ou opoñerse, por razóns de fondo ou de forma á necesidade de ocupación ou formular alegacións aos efectos de subsanar erros na presente relación.

En Outeiro de Rei, a 29 de decembro de 2008.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 00165

Anuncio

ASUNTO: APROBACIÓN DEFINITIVA DA SUSTITUCIÓN DE SISTEMA DE ACTUACIÓN: SECTOR RA-49

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, informo:

Finalizado o trámite de información pública iniciado coa publicación no BOP nº 269, de 21 de novembro de 2009, previo a aprobación definitiva da sustitución do sistema de actuación do sector RA-49, polo sistema de cooperación, e unha vez consideradas as alegacións e solicitudes presentadas en prazo, mediante Decreto de data de 13 de xaneiro de 2009 aprobouse definitivamente a sustitución do sistema de actuación de cooperación/compensación polo sistema de cooperación.

O exame do expediente poderá facerse na Secretaría do Concello en horario de apertura ao público.

O Decreto de 13 de xaneiro de 2009 polo que se aproba definitivamente a sustitución do sistema de actuación do sector RA-49 pon fin á vía administrativa, contra o que poderá interpoñer recurso de reposición perante ó Sr. Alcalde, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao da presente publicación, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende ó día seguinte ó da práctica da presente notificación.

En Outeiro de Rei, a 13 de xaneiro de 2009.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 00193

PÁRAMO

Edicto

